



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

VI 51b

A muller do tío Mateu

Xirómeno meu,

ten unha xoroba

ai chíviri chíviri chíviri

ai chíviri chíviri cha

que lle fizo o tío Mateu

Xirómeno meu,

co rabo da escoba

ai chíviri chíviri chíviri

ai chíviri chíviri cha.

VI 2000

Pasei por unha leira de nabos

collín un nabo, metino no seo

ai chíviri chíviri chíviri

ai chíviri chíviri cha

aunque me poñan os cais ó rabo

levo o demo se tiro co nabo

ai chíviri chíviri chíviri

ai chíviri chíviri cha

se polo nabo ha de haber guerra

fago un furado e chántoo na terra

ai chíviri chíviri chíviri

ai chíviri chíviri cha.

VI 1344

Unha vella sete tazadas de papas de millo comeu

rebutoulle o cordón do xustillo de tanto que o encheu

entonces come outras sete aínda reconcou

e tratou de espreguizarse, despois estoupou. Pun!